

Parte específica | Tema 2

O Sistema Nacional de Emprego.

Conferencia sectorial de emprego e asuntos laborais. Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego. A Estratexia española de apoio activo ao emprego: principios, obxectivos e eixes. Plan anual para o fomento do emprego digno. O sistema público integrado de información dos servizos de emprego





© 2024 - Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

Dispoñible baixo licenza [CC BY-NC-SA 4.0](#)



BY: en caso de citar os contidos, debe outorgarse crédito da autoría á Xunta de Galicia.

NC: só se permite o uso non comercial da obra.

SA: as adaptacións que se elaboren deben compartirse coa mesma licenza.

AVISO DE EXENCIÓN DE RESPONSABILIDADE.

Estes contidos non son un temario oficial.

Supoñen unicamente unha ferramenta de axuda que a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración pon a disposición de todas as persoas interesadas en participar nos procesos selectivos para o ingreso no corpo de xestión da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo A2, escala de orientación laboral.

Os contidos responden á normativa, documentos e outras referencias que estaban vixentes no momento da súa elaboración, polo que poden ter sufrido cambios co decurso do tempo. Comprobe sempre e vixencia dos contidos e empregue as últimas versións dispoñibles.



Índice

1	O Sistema Nacional de Emprego	4
1.1	Órganos de gobernanza do SNE.....	4
1.2	Funcións do SNE.....	4
1.3	Rede de Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación (Rede COE)	5
1.4	Participación na Rede Europea de Servizos de Emprego (PES Network).....	5
2	Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais	6
2.1	Composición e membros.....	6
2.2	Funcións da Conferencia Sectorial.....	6
3	Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.....	8
3.1	Composición e membros.....	8
3.2	Funcións do Consello Xeral do SNE.....	8
4	Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego: principios, obxectivos e eixos 9	
4.1	Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego	10
4.2	Obxectivos e eixos.....	11
5	Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED).....	12
5.1	Regulación.....	12
5.2	Obxectivos e eixos.....	13
6	Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego (SISPE)	14
6.1	Concepto e organización.....	14
6.2	Criterios orientadores do SISPE.....	15



1 O Sistema Nacional de Emprego

De acordo co artigo 8 da Lei de Emprego, integran o Sistema Nacional de Emprego (ao que tamén nos referiremos como SNE ao longo do temario) todas as estruturas administrativas, recursos materiais e humanos, estratexias, plans, programas e información dirixidos a implementar políticas de emprego, xa sexan de titularidade estatal ou autonómica. Está conformado pola Axencia Española de Emprego e polos servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas.

Así mesmo, colaborarán co Sistema Nacional de Emprego, as corporacións locais e outras entidades, públicas ou privadas, que participen na implementación de políticas de emprego, en coordinación e colaboración cos servizos públicos.

Tanto a Axencia Española de Emprego como os servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas terán a consideración de servizos públicos de emprego.

A prestación de servizos de emprego ten natureza de servizo público con independencia da entidade que a realice, polo que resultan de aplicación á súa actuación os obxectivos e principios reitores da política de emprego.

1.1 Órganos de gobernanza do SNE

Conforme ao propio artigo 8 xa mencionado, os órganos de gobernanza do Sistema Nacional de Emprego son:

- A Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.
- O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego.

Estes órganos estúdanse máis adiante neste propio tema.

1.2 Funcións do SNE

Son funcións do Sistema Nacional de Emprego:

- Concretar a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego, a través do Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno, establecendo obxectivos que permitan avaliar resultados das políticas activas de emprego.
- Garantir a coordinación e cooperación da Axencia Española de Emprego e os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, prestando especial atención á coordinación entre as políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego e as prestacións por desemprego.
- Impulsar e coordinar a adaptación permanente das entidades do sistema ás necesidades do contorno produtivo e a oferta e demanda de emprego, impulsando os observatorios das ocupacións, no marco dos acordos que se alcancen na Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.



- Informar, propor e recomendar ás Administracións públicas sobre cuestións relacionadas coas políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego.
- Analizar o mercado laboral nos distintos sectores de actividade e ámbitos territoriais co fin de adecuar as políticas activas de emprego e de intermediación para o emprego ás súas necesidades, así como para determinar a situación nacional de emprego que contribúa á determinación da necesidade de contratar persoas traballadoras estranxeiras no exterior, de acordo coa normativa derivada da política migratoria.
- Determinar e ter actualizada unha Carteira Común de Servizos do Sistema Nacional de Emprego a prestar polos servizos públicos de emprego que garanta en todo o Estado o acceso, en condicións de igualdade, a un servizo público e gratuíto de emprego.
- Promover os mecanismos para unha adecuada oferta de formación no traballo, para mellorar as competencias profesionais das persoas traballadoras e a súa empregabilidade, e a cobertura das necesidades das empresas.

1.3 Rede de Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación (Rede COE)

Tamén dentro do propio artigo 8 se especifica que os Centros Públicos de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego constitúen o soporte especializado do Sistema Nacional de Emprego dirixido a reforzar a dinamización e planificación en materia de orientación, emprendemento e innovación para o emprego.

Estes Centros de Orientación, Emprendemento, Acompañamento e Innovación para o Emprego da Axencia Española de Emprego e das comunidades autónomas son espazos de innovación e experimentación para o fortalecemento e integración da igualdade de oportunidades no deseño, desenvolvemento e evolución das políticas activas de emprego.

1.4 Participación na Rede Europea de Servizos de Emprego (PES Network)

A Axencia Española de Emprego articulará a participación dos servizos públicos de emprego das comunidades autónomas na Rede Europea de Servizos Públicos de Emprego (PES Network).

2 Conferencia Sectorial de Empleo e Asuntos Laborais

2.1 Composición e membros

Tal e como detalla o artigo 9 da Lei de Empleo, a Conferencia Sectorial de Empleo e Asuntos Laborais (a que nos referiremos no temario como Conferencia Sectorial) é o órgano de colaboración entre a Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas en materia de política de emprego.

Estará presidida pola persoa titular do Ministerio de Traballo e Economía Social e estará constituída polos membros dos Consellos de Goberno, das Comunidades Autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, con competencias en materia de emprego.

Así mesmo, poderase convocar tamén, con voz, pero sen voto, a responsables doutras Administracións públicas, así como á asociación máis representativa das entidades locais.

2.2 Funcións da Conferencia Sectorial

No mesmo artigo 9 se especifica que a Conferencia Sectorial exercerá as funcións consultivas, decisorias ou de coordinación e cooperación en materia de emprego e asuntos laborais, no marco da Estratexia Europea de Empleo, as políticas de emprego das administracións territoriais co obxectivo de optimizar a capacidade dos servizos públicos de emprego de acompañar ás persoas e entidades demandantes dos servizos de emprego para mellorar a súa empregabilidade e facilitar a intermediación ou colocación laboral.

En consecuencia, corresponde á Conferencia Sectorial:

- Adoptar os acordos que procedan para a debida coordinación da política de emprego e ser informada polo Ministerio de Traballo e Economía Social sobre os proxectos de normas, nos termos sinalados para a planificación da política de emprego de España no artigo 6.2 da lei.
- Informar os instrumentos de planificación e coordinación da política de emprego, no seu caso, antes da súa aprobación polo Goberno, de conformidade co previsto no capítulo seguinte da lei.
- Participar na función permanente de prospección e detección de necesidades formativas do sistema produtivo e favorecer a colaboración en materia de formación no traballo entre a Axencia Española de Empleo e os órganos competentes das comunidades autónomas e as avaliacións interadministrativas sobre a calidade e o impacto da formación.

- Acordar os criterios de distribución dos créditos orzamentarios destinados a comunidades autónomas, así como a xestionar pola Axencia Española de Emprego os servizos e programas sinalados no artigo 22.h) da Lei de Emprego, e deliberar sobre os programas desenvolvidos con cargo a eses créditos, segundo o establecido no artigo 62 da citada lei.
- Acordar a asignación de recursos financeiros para o sistema de formación no traballo no ámbito das Comunidades Autónomas.
- Identificar os colectivos prioritarios para a política de emprego no ámbito estatal, así como os obxectivos cualitativos e cuantitativos que deberán cumprirse en relación cos mesmos e analizar as causas de abandono da condición de persoa demandante de servizos de emprego a fin de determinar as barreiras que condicionan a súa empregabilidade e incorporar as propostas oportunas.
- Analizar, conforme aos indicadores consensuados, o grao de eficacia e eficiencia da política de emprego desenvolvida pola Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego autonómicos e as súas entidades colaboradoras, incluídas as axencias de colocación, e elaborar, en colaboración co Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, un Informe Conxunto sobre o emprego que será a base para facilitar o intercambio de boas prácticas e para planificar e coordinar a política de emprego a curto e longo prazo.
- Emitir, no seu caso, directrices ou orientacións dirixidas á corrección de desviacións respecto dos obxectivos propostos ou á divulgación de boas prácticas.
- Calquera outras funcións que legal ou regulamentariamente se lle atribúan ou que contribúan a asegurar a necesaria cooperación, coherencia e coordinación da actuación dos poderes públicos no ámbito laboral.

As recomendacións formuladas pola Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais terán a finalidade de trazar liñas estratéxicas de actuación concretas para corrixir desviacións na consecución dos obxectivos recolleitos na Estratexia e no Plan Anual e así mesmo teranse en conta no deseño, planificación e xestión das políticas de emprego da Axencia Española de Emprego e os servizos públicos de emprego autonómicos, que deberán estar harmonizadas coa Estratexia e o Plan Anual.

Corresponderá á Axencia Española de Emprego e aos servizos públicos de emprego autonómicos a concreción do alcance das medidas a adoptar, en función das súas respectivas competencias.



3 Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego

3.1 Composición e membros

O Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, segundo establece o artigo 10 da Lei de Emprego, é o órgano consultivo e de participación institucional en materia de Emprego.

Como órgano tripartito, estará presidido pola persoa titular da Dirección da Axencia Española de Emprego e integrado por un representante de cada unha das comunidades autónomas e por igual número de membros da Administración Xeral do Estado, das organizacións empresariais e das organizacións sindicais máis representativas.

Para a adopción de acordos ponderaranse os votos das organizacións empresariais e os das organizacións sindicais para que cada unha destas dúas representacións conte co mesmo peso que o conxunto dos representantes de ambas as administracións, mantendo así o carácter tripartito do Consello.

3.2 Funcións do Consello Xeral do SNE

Seguindo co artigo 10 da lei, corresponde ao Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego:

- Informar as propostas normativas en materia de política de emprego.
- Informar, con carácter previo á súa aprobación e conforme ao previsto na Lei de Emprego, os instrumentos de planificación e coordinación da política de emprego, así como, eventualmente, a súa modificación.
- Analizar, conforme aos indicadores consensuados, o grao de eficacia e eficiencia da política de emprego desenvolvida pola Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego autonómicos e as entidades privadas de emprego, incluídas as axencias de colocación, e colaborar coa Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais na elaboración do Informe Conxunto sobre o emprego que será a base para facilitar o intercambio de boas prácticas e para planificar e coordinar a política de emprego a curto e longo prazo.
- Desenvolver, na súa condición de principal órgano estatal de consulta e de participación das Administracións públicas e os interlocutores sociais en materia de formación no traballo, todas aquelas funcións que lle correspondan no ámbito de competencias da formación no traballo. Para o desenvolvemento destas funcións creárase a Comisión Estatal de Formación no traballo.



- Calquera outras funcións que legal ou regulamentariamente se lle atribúan ou que favorezan a necesaria consulta e participación na política de emprego de interlocutores sociais, Administracións competentes en materia de emprego e sectores da economía social e do traballo autónomo.

4 Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego: principios, obxectivos e eixos

A estratexia e os instrumentos de planificación da política de emprego recóllense no artigo 11 da Lei de Emprego.

A **ordenación** do Sistema Nacional de Emprego levarase a cabo, principalmente, mediante a aplicación dos **principios** de:

- Lealdade institucional.
- Adecuación á orde de distribución de competencias establecido na Constitución e nos Estatutos de Autonomía,
- Colaboración,
- Coordinación e
- Cooperación.

Recollidos no artigo 140 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, como estratexia da execución da política de emprego e a través dos instrumentos de planificación e coordinación da mesma.

e á súa vez, aos de:

- Participación,
- Concentración e
- Diálogos sociais.

Recollidos no Convenio 144 da Organización Internacional do Traballo, de 21 de xuño de 1976, ratificado por España o 13 de febreiro de 1984, así como no Convenio 150 de 26 de xuño de 1978, ratificado por España o 3 de marzo de 1982.

O **seguimento e avaliación dos resultados da xestión das políticas activas** de emprego realizarase no seo da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos laborais e do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego, recolléndose nun informe conxunto sobre o emprego que será a base para facilitar o intercambio de boas prácticas e para definir os instrumentos de planificación e coordinación da política de emprego a curto e longo prazo.

Á súa vez, levará a cabo o seguimento e avaliación da relación entre políticas activas e prestacións, subsidios e outras rendas de integración e inclusión co mesmo alcance.

Son instrumentos de planificación e coordinación da política de emprego:

- A Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.
- O Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno.

- O Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego.

A continuación neste tema estúdanse estes instrumentos, comezando polo primeiro deles, a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.

4.1 Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego

De acordo co artigo 12 da Lei de Emprego, o Goberno, a proposta do Ministerio de Traballo e Economía Social, aprobará mediante real decreto a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego.

A proposta de estratexia elaborárase en colaboración coa Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas, con participación das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e previa consulta, nos seus ámbitos respectivos, dos Consellos do Traballo Autónomo e de Fomento da Economía Social.

A proposta, unha vez elaborada e antes da súa aprobación polo Goberno, someterase a informe do Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego e da Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

A Estratexia comprenderá as seguintes actuacións:

- O diagnóstico da situación e tendencias do mercado de traballo, con atención ás particularidades territoriais.
- O deseño dun plan integral de políticas activas de emprego e a súa relación coas prestacións, subsidios e outras rendas, que identifique e defina os obxectivos que deben cumprirse e unifique políticas activas e de protección contra o desemprego centradas en garantir a adecuada atención á persoa demandante de servizos de emprego, tendo en conta as necesidades das empresas, especialmente a nivel local.
- A análise do labor das oficinas de emprego de titorización continuada, acompañamento e asesoramento das persoas e entidades usuarias das oficinas e servizos de emprego e para garantir un sistema de xestión que facilite a identificación de perfís, as necesidades formativas, a erradicación de nescos e estereotipos de calquera índole, especialmente de xénero, idade e discapacidade, e a casación de ofertas e demandas laborais. En particular, avaliarase o procesamento e pertinencia dos datos incluídos no Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego, en orde á satisfacción da demanda de emprego.
- O seguimento e avaliación dos resultados a través dun sistema de indicadores globais, que sitúe ás persoas e entidades usuarias dos servizos de emprego no centro do sistema e permita coñecer a empregabilidade da persoa

demandante de emprego a través dos sistemas de perfilado, así como con información do sistema de prestacións, subsidios e outras rendas.

- A identificación, intercambio e difusión de boas prácticas a través dun foro permanente que garanta unha comunicación fluída e continua entre a Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego autonómicos e os interlocutores sociais. Iso sen prexuízo dos espazos de consulta con outras entidades representativas, e particularmente as do terceiro sector de acción social.
- A previsión dun modelo financeiro que integre a cobertura do gasto necesario para executar políticas activas plurianuais e que permita establecer un sistema único de imputación orzamentaria que evite duplicidades, así como a correlación entre investimento en políticas activas e o gasto en prestacións, subsidios e outras rendas a nivel nacional e autonómico.

A Estratexia terá carácter cuadrienal e poderá ser obxecto de revisión, mellora e actualización a partir dos resultados dunha avaliación intermedia aos dous anos da súa aprobación e dunha avaliación *ex post* á súa finalización.

4.2 Obxectivos e eixos

Segundo co artigo 12 da lei, a Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego articularase ao redor dos seguintes Eixos das políticas de activación para o emprego, nos que se integrarán os obxectivos en materia de políticas de activación para o emprego e o conxunto dos servizos e programas desenvolvidos polos servizos públicos de emprego:

- **Eixo 1. Orientación.**

Comprende as actuacións de información, orientación profesional, motivación, asesoramento, diagnóstico e determinación do perfil profesional e de competencias, deseño e xestión da traxectoria individual de aprendizaxe, procura de emprego, intermediación laboral e, en resumo, as actuacións de apoio á inserción das persoas beneficiarias.

- **Eixo 2. Formación.**

Inclúe as actuacións de formación profesional para o emprego no ámbito laboral dirixidas á aprendizaxe, formación, recualificación ou reciclaxe profesional e de formación en alternancia coa actividade laboral, incluídos os programas públicos de emprego e formación, que permitan á persoa beneficiaria adquirir competencias ou mellorar a súa experiencia profesional, para mellorar a súa cualificación e facilitar a súa inserción laboral.

○ **Eixo 3. Oportunidades de emprego.**

Inclúe as actuacións que teñen por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo, especialmente para aqueles colectivos que teñen maior dificultade no acceso ou permanencia no emprego, con especial consideración á situación das persoas en situación de exclusión social, das persoas con responsabilidades familiares, das vítimas do terrorismo e das mulleres vítimas de violencia de xénero.

○ **Eixo 4. Oportunidades de emprego para persoas con discapacidade.**

Inclúe as actuacións que teñen por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo, e as accións de orientación e acompañamento individualizado nos postos de traballo das persoas con discapacidade.

○ **Eixo 5. Igualdade de oportunidades no acceso ao emprego.**

Comprende as actuacións dirixidas a promover a igualdade entre mulleres e homes no acceso, permanencia e promoción no emprego, así como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral. Tamén inclúe as dirixidas a facilitar a mobilidade xeográfica ou promover a contratación en sectores de actividade diferentes daqueles nos que se traballou habitualmente.

○ **Eixo 6. Emprendemento.**

Comprende as actividades dirixidas a fomentar a iniciativa empresarial, o traballo autónomo e a economía social, así como as encamiñadas á xeración de emprego, actividade empresarial e impulso do desenvolvemento económico local.

○ **Eixo 7. Mellora do marco institucional.**

Este Eixo ten carácter transversal, polo que afecta a todos os restantes. Recolle as accións, medidas e actuacións que van dirixidas á mellora da xestión, colaboración, coordinación e comunicación dentro do Sistema Nacional de Emprego e o impulso á súa modernización.

5 Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (PAFED)

5.1 Regulación

O artigo 13 da Lei de Emprego dedícase ao Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno (que tamén se mencionará como PAFED ao longo do temario).

Este Plan Anual concretará, con carácter anual, as directrices necesarias para alcanzar no conxunto do Estado e en cada unha das distintas comunidades autónomas,



obxectivos da Estratexia, así como os indicadores que se utilizarán para coñecer e avaliar anualmente o grao de cumprimento dos mesmos.

Para iso, fixarán os servizos e programas que se desenvolverán tanto polas comunidades autónomas como pola Axencia Española de Emprego.

Os servizos e programas incluídos no Plan Anual poderán ser excepcionalmente modificados pola Axencia Española de Emprego, a petición xustificada da comunidade autónoma correspondente, cando necesidades de carácter extraordinario sobrevindas o fagan necesario para unha adecuada xestión e execución das Orientacións.

O Plan Anual para o Fomento do Emprego Digno elaborárase polo Ministerio de Traballo e Economía Social, tendo en conta as previsións formuladas polas comunidades autónomas e a Axencia Española de Emprego e previa consulta das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e, nos seus respectivos ámbitos, dos Consellos do Traballo Autónomo e de Fomento da Economía Social.

Informarase polo Consello Xeral do Sistema Nacional de Emprego e a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais e aprobarase polo Consello de Ministros.

5.2 Obxectivos e eixos

O artigo 13 da Lei de Emprego tamén establece que o PAFED articularase ao redor dos seguintes Eixos (similares pero non coincidentes cos da Estratexia Española de Apoio Activo ao Emprego), nos que se integrarán os obxectivos en materia de políticas activas de emprego e o conxunto dos servizos e programas desenvolvidos polos servizos públicos de emprego:

○ Eixo 1. Orientación.

Comprende as actuacións de información, orientación profesional, motivación, asesoramento, diagnóstico e determinación do perfil profesional e de competencias, deseño e xestión da traxectoria individual de aprendizaxe, procura de emprego, intermediación laboral e, en resumo, as actuacións de apoio á inserción das persoas beneficiarias.

Así mesmo, comprende as actuacións de prospección de necesidades e prestación dos servizos de emprego ás empresas.

○ Eixo 2. Formación.

Inclúe as actuacións de formación no traballo, dirixidas á aprendizaxe, formación, recualificación ou reciclaxe profesional e de formación en alternancia coa actividade laboral, incluídos os programas públicos de emprego e formación, que permitan á persoa beneficiaria adquirir competencias ou mellorar a súa experiencia profesional, para mellorar a súa



calificación e facilitar a súa inserción laboral, tendo en conta a fenda dixital existente e garantindo a atención presencial á poboación que a padece.

○ **Eixo 3. Oportunidades de emprego.**

Inclúe as actuacións que teñen por obxecto incentivar a contratación, a creación de emprego ou o mantemento dos postos de traballo. Tamén inclúe as dirixidas a facilitar a mobilidade xeográfica ou promover a contratación en sectores de actividade diferentes daqueles nos que traballou habitualmente.

○ **Eixo 4. Igualdade de oportunidades no acceso ao emprego.**

Comprende as actuacións dirixidas a aqueles colectivos que teñen maior dificultade no acceso ou permanencia no emprego, con especial consideración á situación das persoas con discapacidade, das persoas en situación de exclusión social, das persoas con responsabilidades familiares, das vítimas do terrorismo e das mulleres vítimas de violencia de xénero e outras formas de violencia contra a muller. Igualmente inclúe a promoción da igualdade no acceso ao emprego, entre mulleres e homes no acceso, permanencia e promoción no emprego, así como a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

○ **Eixo 5. Emprendemento.**

Comprende as actividades dirixidas a fomentar a iniciativa empresarial, o traballo autónomo e a economía social, así como as encamiñadas á xeración de emprego, actividade empresarial e dinamización e impulso do desenvolvemento económico local.

○ **Eixo 6. Mellora do marco institucional.**

Este Eixo ten carácter transversal, polo que afecta a todos os restantes. Recolle as accións, medidas e actuacións que van dirixidas á mellora da xestión, colaboración, coordinación e comunicación dentro do Sistema Nacional de Emprego e o impulso á súa modernización.

6 Sistema Público Integrado de Información dos Servizos de Emprego (SISPE)

6.1 Concepto e organización

Conforme ao artigo 14 da Lei de Emprego, o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos Públicos de Emprego (que aparecerá referido como SISPE neste temario) é o instrumento técnico de coordinación do Sistema Nacional de Emprego que ten como finalidade, a través dos acordos que se adopten na Conferencia Sectorial de



Emprego e Asuntos Laborais, o establecemento de protocolos para o rexistro de datos comúns e a integración da información relativa á xestión das políticas activas de emprego e as prestacións por desemprego que realicen a Axencia Española de Emprego, os servizos públicos de emprego autonómicos e as entidades colaboradoras en todo o territorio do Estado, e as ofertas e demandas de emprego rexistradas nas axencias de colocación colaboradoras.

En consecuencia, o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos Públicos de Emprego configúrase como unha rede de información común para toda a estrutura pública e privada do emprego, que se organizará, en beneficio das persoas demandantes dos servizos de emprego e das persoas, empresas e outras entidades empregadoras usuarias dos mesmos, cunha estrutura de procesamento de datos pertinentes eficaz, integrada e compatible.

Integraranse necesariamente no Sistema:

- A Axencia Española de Emprego.
- Os servizos públicos de emprego das comunidades autónomas.
- As axencias privadas de colocación.
- As entidades colaboradoras dos servizos públicos de emprego.

O sistema estará adecuadamente coordinado e integrado coa Rede Europea dos Servizos de Emprego, nos termos do Regulamento (UE) 2016/589, de 13 abril de 2016, do Regulamento (UE) 2018/1724, de 2 outubro de 2018, e do Regulamento (UE) 2019/1149, de 20 xuño de 2019, e normativa concordante da Unión Europea e do Espazo Económico Europeo.

Este sistema deberá garantir á Axencia Española de Emprego e aos servizos públicos de emprego das Comunidades Autónomas a posibilidade de acceso e tratamento masivo de datos co fin de realizar perfilado de persoas usuarias dos servizos públicos de emprego, así como para realizar o seguimento, avaliar o resultado das políticas activas de emprego e xestionar os servizos garantidos regulados na lei.

6.2 Criterios orientadores do SISPE

Segundo se establece no artigo 15 da Lei de Emprego, o Sistema Público Integrado de Información dos Servizos Públicos de Emprego garantirá que leven a cabo de forma adecuada as funcións de:

- Intermediación laboral, sen barreiras territoriais.
- O rexistro das persoas demandantes de emprego e das persoas, empresas e demais entidades empregadoras usuarias, e a trazabilidade das actuacións seguidas por estas na súa relación cos servizos públicos de emprego.

- As estatísticas comúns.
- A comunicación do contido dos contratos.
- O coñecemento da información resultante e o seguimento, entre outros ámbitos, da xestión da formación no traballo, a orientación profesional, as iniciativas de emprego e as bonificacións á contratación, así como as actuacións das axencias de colocación e das demais entidades colaboradoras, incluídas as de acción social.

O Sistema Público Integrado de Información reúne todos os datos relativos ao emprego e á empregabilidade das persoas e empresas usuarias dos servizos públicos de emprego, así como os referentes ás persoas, empresas e demais entidades empregadoras usuarias. A xestión do sistema deberá dirixirse cara á mellora da situación das mesmas ante o mercado de traballo e ao óptimo desenvolvemento da súa profesionalidade.

En paralelo, aglutina información relativa ás vacantes actuais e previsibles que existen ou van existir nas empresas e servirá á adecuada cobertura das necesidades presentes e futuras destas, así como á prospección das mesmas. O Sistema Público Integrado de Información debe orientarse a unha mellora continua na calidade, eficacia e eficiencia dos datos.

O Sistema Nacional de Emprego dedicará medios persoais, económicos e materiais adecuados para a optimización continua na obtención, xestión e procesamento dos datos que afectan ao emprego e á empregabilidade das persoas demandantes dos servizos públicos de emprego, así como á satisfacción da demanda de man de obra.

A calidade do sistema deberá ser obxecto dunha auditoría anual, a partir da cal deberán introducirse os cambios operativos que sexan pertinentes. En todo caso, debe permitir, de forma precisa, temporánea, dinámica e contrastable, a toma de decisións e recomendacións individualizadas en relación con cada persoa usuaria dos servizos públicos de emprego ou con cada persoa, empresa ou entidade empregadora usuaria.

A xestión da información organizarase de modo que permita unha comunicación áxil e transparente coa cidadanía.

A información almacenada polos diferentes sistemas de información mencionados na lei de Emprego, así como o seu intercambio, deberá seguir a regulación estatal sobre seguridade e interoperabilidade vixente en cada momento.

Por último, promoverase a publicación como datos abertos de toda información non suxeita a consideracións de privacidade ou sometida a propiedade intelectual ou industrial.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN